



MEMORIA XUSTIFICATIVA DUN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA, A CONFEDERACIÓN GALEGA DE ASOCIACIÓNS VECIÑAIS "ROSALÍA DE CASTRO" E AS SÚAS FEDERACIÓNS VECIÑAIS

A Xunta de Galicia, a través da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, asinou coa Confederación Galega de Asociacións de Veciños "Rosalía de Castro" (en diante COGAVE) un convenio de colaboración para fixar as liñas de colaboración para o financiamento da programación e desenvolvemento de actividades propias e gastos de funcionamento.

O Decreto 72/2013, do 25 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza atribúelle a este departamento as competencias da Xunta de Galicia en materia de Administración Local. No exercicio destas competencias, correspóndenlle as relacións coas entidades locais e coas demais institucións relacionadas co ámbito do poder local, en particular o fomento do asociacionismo veciñal.

A Confederación Galega de Asociacións de Veciños "Rosalía de Castro" ten como un dos seus obxectivos primordiais dinamizar o movemento veciñal de Galicia, dando os servizos que as federacións confederadas demandan para garantir o mellor funcionamento asociativo e as melloras necesarias para o desenvolvemento óptimo na comunidade autónoma, o que repercute dun xeito directo en cada unha das persoas que a conforman.

Esta actuación resulta de interese para a Xunta de Galicia polo que supón de contribución á mellora da calidade da vida local, no marco da súa liña de colaboración coa Administración Local, mediante o estímulo da dinamización da vida interna das asociacións, na procura de ámbitos de convivencia colectiva, de harmonización social e de potenciación dos valores e finalidades socioculturais das organizacións veciñais de Galicia. Por tal motivo, atopa de interese impulsar o funcionamento da estrutura veciñal de Galicia, polo que supón de estímulo á realización de actividades que redundan na mellora da vida local que é o ámbito máis próximo e que redunda de xeito máis directo na vida das persoas.

A conxuntura descrita e o obxectivo da actuación e o feito de ser COGAVE a confederación veciñal de ámbito autonómico que mantén unha actividade e funcionamento regular ademais de ostentar unha maior representatividade, así como a existencia de crédito axeitado e suficiente para a súa aplicación eficaz no mantemento do tecido asociativo veciñal sobre o que se actuará a través do convenio que se pretende subscribir, acreditan a existencia de razóns de interese público que xustifican o recurso ao procedemento excepcional de concesión directa dunha subvención a favor de COGAVE e seis das federacións veciñais que a compoñen, como son: .Federación de Asociacións Veciñais de Vigo "Eduardo Chao", Federación de Asociacións Veciñais de A Coruña e área metropolitana, Federación de Asociacións Veciñais de A Coruña e Área Metropolitana, Federación de Asociacións de Veciños de Lugo "Lucus Augusti", Federación de Asociacións de Veciños de Ourense "Limiar", Federación de Asociacións de Veciños de Pontevedra "Castelao",

Para dar cumprimento aos obxectivos deste convenio, a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza cooperou mediante a achega máxima de SESENTA E CINCO MIL EUROS (65.000,00 €) con cargo á aplicación orzamentaria 05.23.141A.481.1 (CP 2015 00097) dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma para o ano 2016.

Esta cantidade distribúese entre as entidades beneficiarias cos seguintes importes máximos e porcentaxes de financiamento:





ENTIDADE BENEFICIARIA	ORZAMENTO	IMPORTE DA SUBVENCIÓN	% FINANCIAMENTO
COGAVE	41.950,00 €	30.500,00	72,70 %
Lucus Augusti de Lugo	8.730,00 €	7.000,00	80,18%
A Coruña e Área Metropolitana	7.000,00 €	7.000,00	100 %
Limiar de Ourense	7.000,00 €	7.000,00	100%
Roi Xordo de Ferrol	2.000,00 €	2.000,00	100%
Castelao de Pontevedra	21.600,00 €	4.500,00	20,83%
Eduardo Chao de Vigo	11.700,00 €	7.000,00	59,83%
TOTAL	99.980,00 €	65.000,00	

Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación do texto refundido da Lei de contratos do sector público, aprobado polo Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4.2 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Santiago de Compostela, 29 de setembro de 2017

A directora xeral de Administración Local

Marta Fernández-Tapias Núñez (asinado dixitalmente á marxe)

